



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

**Sección de Presupostos  
e Estudos Económicos**

**ASUNTO:**       **Presuposto xeral 2013. Expediente de modificación  
de créditos núm. 3/2013 de aprobación polo Pleno.**

**PROPOSTA DA PRESIDENCIA**

Incoado por orde desta Presidencia o Expediente de Modificación de Créditos nº 3/2013 e redactado pola Sección de Presupostos e Estudos Económicos, de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, sométese a dictamen da Comisión informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas e posteriormente ao Pleno Corporativo para a súa preceptiva aprobación.

Tralo estudo das propostas formuladas polos responsables das distintas áreas da actividade provincial, esta Presidencia somete á consideración do Pleno Corporativo, o Expediente de Modificación de Créditos nº 3/2013 por importe de 3.808.050,23 euros. Esta aprobación permitirá dotar de máis recursos a distintos programas presupostarios.

O detalle do expediente queda reflectido no estado numérico que consta no Anexo que se achega, onde se detallan as operacións propostas e o seu financiamento, de acordo co disposto no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, todo isto de conformidade coas propostas que o xustifican, e merece destacar os seguintes aspectos:

Destínanse 1.000.000,00 euros para a amortización anticipada de préstamos que ten concertados esta Deputación coas distintas entidades financeiras para dar cumprimento ó establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira. Deste modo o importe das débedas por operacións financeiras desta Deputación situaranse a 31 de decembro do 2013 en 41.111.457,48 euros, a menor en termos absolutos e relativos dos últimos 15 anos.

Este expediente de modificación de créditos por un total de 3.808.050,23 euros, finánciase con Remanente de Tesourería de conformidade co artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL) aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e artigos 36 e 37.2 do Real decreto 500/1990.

Os novos gastos contemplados no presente expediente fináncianse co remanente de tesourería. Entre estes gastos destácanse os seguintes:

- Habilitase un crédito de 93.000,00 euros para a achega da Deputación ó Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo Benestar para a coordinación da prestación dos servizos Sociais comunitarios municipais da provincia e para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados e desempregadas.
- Auméntase a dotación da: Promoción das enerxías renovables na provincia da Coruña para o remate de varios proxectos en diversos concellos.
- Inclúense dotacións presupostarias destinadas a posibilitar futuras subvencións.
- Suplementase un crédito de 70.100,00 euros para o material consumible e os mantementos das impresoras.
- Incrementanse os créditos para a promoción do comercio, do turismo o e desenvolvemento económico da provincia nun importe de 927.554,17 euros.
- Incrementanse os créditos para o fomento de actividades culturais e deportivas nun importe de 502.670,40 euros.
- Incrementanse os créditos destinados a Servizos Sociais nun importe de 378.113,66 euros.

En cumprimento do disposto na normativa reguladora da estabilidade presupostaria faise constar que o plan económico-financeiro para corrixir a situación de inestabilidade orzamentaria concrétase en constatar que a única causa da inestabilidade é a utilización do remanente de tesourería para o financiamento de expedientes modificativos anteriores. Ao exposto hai que engadir as seguintes consideracións:

- A Deputación provincial ven cumprindo os obxectivos contidos na normativa sobre “morosidade” nas operacións mercantís.
- A situación da Tesourería Provincial reflíctese no arqueio do 30 de xuño que expresa unhas existencias en Fondos líquidos de 91.555.123,25 euros.
- A evolución das previsións de ingresos do Orzamento 2013 conteñen un elemento positivo ó confirmarse a ampliación do prazo de devolución das liquidacións negativas da PIE (*Participación ingresos del Estado*) dos exercicios 2008 e 2009 e mantén a dúbida sobre o resultado da liquidación da PIE do exercicio 2011.
- No orzamento do exercicio 2013 consígnase unha dotación de 3.135.000,00 euros destinada a constitución do Fondo de Continxencia e destínase un total de 5.300.000,00 euros (1.500.000,00 + 2.500.000,00 + 300.000,00 + 1.000.000,00) á amortización anticipada da débeda viva a 1 de xaneiro de 2013, o que permitirá unha diminución desta en 15.948.762,91 euros.

Por todo o exposto, propónse ás señoras e señores deputados que adopten os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 3/2013 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 3.808.050,23 euros e que ofrece o seguinte resumo:

**A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

**A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

|                               |                     |
|-------------------------------|---------------------|
| CE. Créditos extraordinarios: | 686.648,10          |
| SC. Suplemento créditos:      | 3.121.402,13        |
| <b>Total de aumentos:</b>     | <b>3.808.050,23</b> |

**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

|                             |                     |
|-----------------------------|---------------------|
| Remanente de Tesourería     | 3.808.050,23        |
| <b>Total financiamento:</b> | <b>3.808.050,23</b> |

## **B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS**

### **B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos**

| Capítulo                       | Altas               | Baixas      |
|--------------------------------|---------------------|-------------|
| 1. Gastos de persoal           | 0,00                | 0,00        |
| 2. Gastos correntes            | 354.260,13          | 0,00        |
| 3. Gastos financeiros          | 10.000,00           | 0,00        |
| 4. Transferencias correntes    | 1.028.659,82        | 0,00        |
| 5. Fondo continx.e outros imp. | 0,00                | 0,00        |
| 6. Investimentos reais         | 46.800,00           | 0,00        |
| 7. Transferencias de capital   | 1.368.330,28        | 0,00        |
| 8. Activos financeiros         | 0,00                | 0,00        |
| 9. Pasivos financeiros         | 1.000.000,00        | 0,00        |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>     | <b>3.808.050,23</b> | <b>0,00</b> |

### **B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos**

| Capítulo                           | Altas               |
|------------------------------------|---------------------|
| 1. Impostos directos               | 0,00                |
| 2. Impostos indirectos             |                     |
| 3. Taxas e outros ingresos.        |                     |
| 4. Transferencias correntes        |                     |
| 5. Ingresos patrimoniais           |                     |
| 6. Enaxenación investimentos reais |                     |
| 7. Transferencias de capital       |                     |
| 8. Act. Finan. Reman. Tesourería   | 3.808.050,23        |
| 9. Pasivos financeiros             |                     |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>         | <b>3.808.050,23</b> |

**2.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**3.-** O resumo por capítulos do devandito expediente publicárase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

**4.-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan Económico-Financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

A Coruña, 19 de xullo de 2013



O presidente,

*Diego Calvo Pouso*  
Asdo.: Diego Calvo Pouso